

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES 1º BACH

SEMANA 20-24 ABRIL

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN

Lectura do texto : *Adolescentes e Internet en Galicia*. Informe do Valedor do Pobo. (páx. 139)

1. Elabora un esquema coas consecuencias positivas e negativas que ten o uso da rede.

Uso da rede.

- Consecuencias positivas:
 - É un potente instrumento para a aprendizaxe e a formación intelectual, profesional e persoal.
 - Abre novos tipos de comunicación e relación.
 - Constitúe un inmenso ámbito para o entretemento e a diversión.

- Consecuencias negativas:
 - Pode provocar a perda de control.
 - Xera condutas aditivas e sentimento de culpa.
 - Pode ser causa de conflitos familiares.
 - Constitúe unha causa de fracaso escolar ou baixo rendemento académico.

4. Subliña as perífrases verbais e indica se expresan tempo, modo ou aspecto e o seu valor.

debemos esquecer: modal obrigativa
pode traer: modal hipotética
está a xerar: aspectual imperfectiva
pode exercer: modal hipotética
acaban por crear: aspectual terminativa

3ª SESIÓN

O TEXTO ARGUMENTATIVO (páx. 152, 153 e 154)

a) O texto é xornalístico, de que tipo?

Trátase dun artigo de opinión, pois nel persoas colaboradoras do xornal expresan a súa visión persoal sobre un tema. O feito de presentaren posturas contrapostas afásta do artigo de opinión máis habitual, onde só atopamos un posicionamento a favor ou en contra dun tema. De aí o título da sección "O debate", pois nela aparecen argumentos contrapostos.

b) De que tese parte o texto?

Os dous autores do artigo que participan do debate parten de teses contrapostas

E. Vaquero : *O período de vacacións escolares en España é excesivo.*

J. Rivas: *O período de vacacións escolares en España é o axeitado.*

c) Posúe as tres partes da argumentación? No caso de faltar algunha, redáctaa ti nun parágrafo.

A introdución xeral aparece no primeiro parágrafo, os argumentos a favor no segundo, e en contra no terceiro.

Non atopamos unha conclusión que englobe as dúas partes. No segundo parágrafo o peche constitúeo a interrogación final, mentres que no terceiro só se presentan diferentes argumentos, sen conclusión.

Vós debiades redactar o peche deste último parágrafo e tamén unha conclusión común a todo o texto.

d) Que tipos de argumentos se ofrecen?

O cargo das persoas que expresan os seus argumentos fai que todos estes sexan argumentos de autoridade, independentemente de que tamén poidan entrar noutra clasificación, pois son coñecedores da materia da que están a falar.

De forma máis detallada podemos analízalos como segue:

A FAVOR DE REDUCIR AS VACACIÓNS

- ▷ As condicións climáticas son diferentes ás do resto de Europa: argumento racional.
- ▷ O calendario lectivo foise reducindo: De feito e de exemplos (Verán, Semana Branca e outras festas).
- ▷ O tempo é fundamental na educación: Racional
- ▷ Non poden manterse as vacacións tan longas: Autoridade
- ▷ Sendo tan longas non se reduce o fracaso nin aumenta a calidade: Autoridade e persuasivo, pois mediante o uso da interrogación pretende implicar o destinatario.

EN CONTRA DE REDUCIR AS VACACIÓNS

- ▷ O verán é unha época formativa e feliz: Argumentos de expresións persoais que tamén o son de feitos.
- ▷ Os rapaces e rapazas deben ter dous meses de liberdade e ruptura: De autoridade
- ▷ Pouca importancia do papel dos pais: Autoridade

e) Redacta un texto argumentativo no que deas a túa opinión a favor ou en contra do tema exposto. Utiliza exemplos dos diferentes tipos de argumentos.

Esperamos as vosas reflexións sobre este tema, aínda que creo que non nos vai sorprenden a vosa postura.

